

Resolución do 24 de abril de 2014, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, convocado pola Orde do 16 de xullo de 2013 (DOG núm.140, do 24 de xullo), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio da fase de oposición.

En sesión que tivo lugar o día 24 de abril de 2014, o tribunal nomeado pola Orde do 16 de xullo de 2013 para cualificar o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, e acordou, de conformidade co disposto na base II.1.1.2. da convocatoria, que o segundo exercicio da fase de oposición terá lugar o día catorce (14) de maio de 2014, en chamamento único que se iniciará ás 15:30 horas, na Escola Galega de Administracións Públicas, aula 5.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal e de bolígrafo de tinta azul. Os aspirantes serán provistos de calculadora polo tribunal, quedando prohibido o uso de calculadoras distintas ás que se lles faciliten.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento do que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2014

O presidente do tribunal


Manuel Mateo Díaz

XUNTA DE GALICIA
PROCESO SELECTIVO
SUBGRUPO A1
TRIBUNAL
CONSOLIDACIÓN - ESCALA
SUPERIOR DE ESTADÍSTICOS/AS